

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15014738	CPI Plurilingüe dos Dices	Rois	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Biología e xeoloxía	3º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	19
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	21
7.2. Actividades complementarias	22
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

## 1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Bioloxía e Xeoloxía do 3º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022, do 15 de Setembro de 2022, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación tívose como referencia un currículo que xira durante este segundo ciclo da ESO en torno á anatomía e a fisioloxía do corpo humano, incidindo na importancia de promover hábitos para o coidado da saúde.

Outro aspecto que se tivo en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno. Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no CPI dos Dices situado en Rois.

O C.P.I. dos Dices é un centro ubicado nun entorno rural, onde a meirande parte da poboación adícase ao sector servizos e tamén a actividades vencelladas a gandeiría e agricultura. Pola súa importancia é de estacar o volume de xente empregada na fábrica de aluminios Cortizo. Moitos desenvolven a súa actividade noutros concellos.

O centro en sí consta de 3 edificios. O central que está adicado a labores administrativas, e tamén posúe a sala de reunión do profesorado, así como a biblioteca e o departamento de orientación; na súa parta baixa alberga as aulas de infantil, Na parte anterior hai un edificio onde se imparte a primaria e que tamén posúe o comedor escolar. E o edificio posterior que alberga a secundaria que é onde desenvolven a súa actividade os membros deste departamento.

O edificio de secundaria posúe todas as súas aulas dotadas de canóns de proxección e ordenador portátil na mesa do profesor. Temos tamén unha sala de usos múltiples e outra de informática que contén ademáis pizarra dixital. As aulas de ESO están dotadas com canon e pizarra dixital e ademáis contan cada unha cun moble onde se gardan os ordenadores do proxecto abalar. Nos baixos do edificio está o laboratorio que empregamos para as asignaturas de Bioloxía e as de Física e Química, e que dende hai uns anos compartimos tamén con profesores de primaria.

O laboratorio está dotado con microscopios e lupas binoculares para alumnos e profesores, ordeador portátil, canón proxector, e todos os trebellos propios dun laboratorio: químicos, material de vidro, lavadoiros, modelos anatómicos, colección de minerais, etc.

En canto o alumnado, dicir que é moi diverso, pois reflicten á perfección a distribución de grupos do propio concello en canto a estratos sociais se refire. É dicir, son alumnos que na súa meirande parte pertencen a familias que traballan no sector servizos, e agricultor e gandeiro, aínda que hai tamén algúns no que as familias traballan por conta propia ou están empregados na fábrica de aluminios Cortizo de gran importancia no concello.

Non é un centro que destaque polo número de inmigrantes. En este sentido a presenza de inmigrantes no centro é esporádica.

En canto ao rendemento académico hai que sinalar que mellorou en xeral nos últimos anos, incrementándose o número de alumnos que consiguen superar con éxito a secundaria, aínda que dependendo dos anos hai cursos con alumnos particularmente de baixo rendemento académico ou pola contra de alto rendemento académico. Neste aspecto consideramos que o centro podría ser comparable incluso con outros de maior entidade.

Son alumnos moi participativos, que amosan unha boísima predisposición para as actividades educativas de carácter extraescolar, habendo que destacar tamén a ausencia case total de conflitos escolares, non sendo os propios da adolescencia, pero que so en casos moi particulares e raros poden chegar a ter carácter grave precisando a toma de algunha medida disciplinaria severa ou excepcional. Polo que podemos resumir que é un centro cunha reducida conflictividade.

Hai dous grupos 3º ESO, cada un con 18 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 13 e os 16 anos.

Dentro de este alumnado hai un con ACI

Todos estes aspectos serán tidos en conta á hora de desenvolver a metodoloxía .

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O traballo científico	Nesta unidade abórdanse distintos aspectos sobre o traballo nas ciencias.	15	12	X		
2	Os riscos xeolóxicos internos	Nesta unidade realizarase unha introdución aos riscos naturais e un estudo e análise dos riscos xeolóxicos internos (volcáns, terremotos, etc).	13	8			X
3	A organización do corpo humano	Nesta unidade estúdanse os distingos niveis de organización nos seres vivos e os tipos principais de tecidos. Asimesmo tamén estudaremos as células e as súas partes	12	7	X		
4	Alimentos e nutrientes	Nesta unidade estúdanse os grupos principais de alimentos e a clasificación de nutrientes segundo a súa función. Tamén se analizará a composición das dietas saudables (d. mediterránea, atlántica...)	12	8	X		
5	A función da nutrición	Nesta unidade estúdase a función de nutrición; os aparatos implicados e as enfermidades asociadas. En particular se estudiará o aparello dixestivo, circulatorio e excretor.	12	10		X	
6	A función da relación	Nesta unidade estúdase a función de relación; os sistemas e órganos sensoriais implicados e as enfermidades asociadas. En particular estudarase o sistema nervioso, os órganos dos sentidos e o sistema endocrino	12	10		X	
7	A función da reprodución	Nesta unidade estúdase a función de reprodución; os aparatos implicados e as enfermidades asociadas. Tamen abordaranse os métodos anticonceptivos e a sexualidade.	12	8		X	
8	Saúde e hábitos saudables	Nesta unidade analízase o concepto de saúde e a importancia de manter hábitos saudables.	12	7			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O traballo científico	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web...), mantendo unha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos.	TI	100
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía.		
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos.		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoos de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica.		
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante as ferramentas dixitais e o formato adecuado (táboas, gráficos, informes...) interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar as conclusións do proxecto de investigación.		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, utilizando espazos virtuais cando sexa necesario, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta.		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> </ul>

**Contidos**

- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.
- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.
- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.
- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada.
- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.
- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.
- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.

UD	Título da UD	Duración
2	Os riscos xeolóxicos internos	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Clasificar os riscos empregando como criterio as causas naturais que os producen.	Clasificar os riscos xeolóxicos.	PE	100
CA2.2 - Analizar os riscos naturais a través dos factores de risco valorando a importancia das medidas de predición e prevención.	Analizar os riscos naturais.		
CA2.3 - Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra e os tipos de erupcións volcánicas, integrándoas coa teoría da tectónica de placas.	Explicar a orixe e a distribución da actividade sísmica e volcánica na Terra.		
CA2.4 - Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico e as medidas de predición e prevención para minimizar os seus efectos, buscando e aportando exemplos.	Valorar a importancia da análise do risco sísmico e volcánico.		
CA2.5 - Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar as áreas con risco sísmico en Galicia.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

**Contidos**

- Riscos naturais:
- Definición e clasificación.
- Análise e planificación.
- Actividade sísmica e volcánica na Terra en relación coa teoría da tectónica de placas:

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Orixe e distribución global dos terremotos e do vulcanismo na Terra.</li> <li>- Tipos de erupcións volcánicas.</li> <li>- Análise do risco sísmico e volcánico. Medidas de predición e prevención. O risco sísmico en Galicia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	A organización do corpo humano	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos a través do coñecemento dos postulados da teoría celular.	Recoñecer a célula como a unidade estrutural e funcional dos seres vivos.	PE	90
CA3.3 - Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células utilizando diferentes estratexias de observación e comparación e relacionándoas coas súas funcións.	Diferenciar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células.		
CA3.4 - Describir os virus como formas acelulares causantes dalgunhas patoloxías nos humanos.	Descibir os virus como formas acelulares.		
CA3.1 - Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e o formato adecuados.	Analizar e comprender a información sobre procesos biolóxicos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A teoría celular. Recoñecemento da célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos:</li> <li>- Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas (animais e vexetais).</li> <li>- Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas.</li> <li>- Formas acelulares.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Alimentos e nutrientes	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.4 - Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición para o bo funcionamento do organismo recoñecendo as diferenzas entre alimentación e nutrición e diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	Reflexionar sobre a importancia da alimentación e da nutrición diferenciando os nutrientes e as súas funcións básicas.	PE	100
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física. Coñecer dietas saudables		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.</li> <li>- Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela.</li> <li>- Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	A función da nutrición	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos	PE	100
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos		
CA4.3 - Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición.	Identificar os aparellos e sistemas que participan na función de nutrición: anatomía e fisioloxía		
CA4.5 - Explicar os procesos fundamentais da nutrición relacionándoos coas estruturas dos aparellos e dos sistemas que interveñen nela.	Explicar os procesos fundamentais da nutrición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Función de nutrición: aparellos dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor.</li> <li>- Importancia da nutrición e relación entre a anatomía e a fisioloxía básica dos aparellos que participan nela.</li> <li>- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A función da relación	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Analizar criticamente a solución a un problema sobre fenómenos biolóxicos.	PE	90
CA4.6 - Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación establecendo as diferenzas e as funcións de cada un e describindo os principais procesos, órganos e estruturas implicadas.	Recoñecer os órganos, aparatos e sistemas que interveñen na función de relación.		
CA4.7 - Comprender a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino.	Identificar a relación funcional entre o sistema nervioso e o sistema endócrino		
CA5.7 - Recoñecer as drogas (incluídas as de curso legal) considerándoas como causa de prexuízos non só para as persoas que as consomen, senón tamén para as que están na súa contorna próxima.	Identificar as características das drogas	TI	10
CA4.1 - Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico, o pensamento computacional ou recursos dixitais.	Resolver problemas ou explicar procesos biolóxicos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Función de relación: receptores sensoriais, centros de coordinación e órganos efectores.</li> <li>- Análise e visión xeral da función de relación.</li> <li>- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.</li> <li>- Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A función da reprodución	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.8 - Recoñecer os procesos da reprodución humana identificando as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	Identificar as estruturas do aparello reprodutor e endócrino implicadas.	PE	80
CA4.9 - Reflexionar sobre a reprodución e a sexualidade valorando a súa propia sexualidade e a das persoas da súa contorna.	Identificar as diferencias entre a reprodución e a sexualidade		
CA5.2 - Recoñecer a información con base científica sobre cuestións relacionadas coa saúde humana distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		
CA5.3 - Analizar criticamente a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	Analizar a solución a un problema relacionado coa alimentación saudable, coas drogas e coa sexualidade.	TI	20
CA5.6 - Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.	Recoñecer o sexo e a sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre homes e mulleres e respectando a diversidade sexual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Función de reprodución: aparello reprodutor e sistema endócrino.</li> <li>- Relación entre a anatomía e a fisioloxía básicas do aparello reprodutor.</li> <li>- Reprodución e sexualidade.</li> <li>- Cuestións e problemas prácticos relacionados con coñecementos de fisioloxía e anatomía dos principais sistemas e aparellos do organismo implicados nas funcións de nutrición, relación e reprodución.</li> <li>- Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico:</li> <li>- Métodos de anticoncepción e prácticas sexuais responsables. A asertividade e o autocoidado.</li> <li>- As relacións afectivo-sexuais: ideas preconcebidas e estereotipos sexuais.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Saúde e hábitos saudables	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.1 - Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables localizando, seleccionando e organizando información mediante a citación e o uso correctos de distintas fontes.	Resolver cuestións relacionadas con hábitos de vida saudables.		
CA5.4 - Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables como método de prevención de doenzas exemplificando con situacións próximas ao alumnado.	Reflexionar sobre a importancia da adquisición de hábitos e estilos de vida saudables.		
CA5.5 - Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física percibíndoos como hábitos saudables para o individuo e a sociedade.	Analizar a importancia dunha boa alimentación e actividade física.		
CA6.1 - Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade interpretando información en diferentes formatos (modelos, gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos, páxinas web), mantendo unha actitude crítica e obtendo conclusións fundamentadas.	Analizar conceptos e procesos relacionados coa saúde e coa enfermidade.	PE	100
CA6.2 - Recoñecer a información con base científica en relación coa saúde e coa enfermidade distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Recoñecer a información con base científica.		
CA6.3 - Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas identificando as medidas de prevención e os tratamentos que existen ata o momento.	Comparar as enfermidades infecciosas e non infecciosas.		
CA6.4 - Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario recoñecendo o seu papel na prevención e superación das enfermidades infecciosas.	Analizar o funcionamento e as estruturas que comprende o sistema inmunitario.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Hábitos saudables con relación á alimentación. Características dunha dieta saudable e análise da súa importancia.</li> <li>- Sexo e sexualidade desde a perspectiva da igualdade entre os homes e as mulleres e o respecto á diversidade sexual. Importancia da educación sexual integral como parte dun desenvolvemento harmónico:</li> <li>- Infeccións de transmisión sexual (ITS).</li> <li>- Efectos prexudiciais das drogas legais e ilegais, tanto para os consumidores coma para quen está na súa contorna próxima.</li> <li>- Hábitos encamiñados á conservación da saúde física, mental e social (hixiene do sono, hábitos posturais, uso responsable das novas tecnoloxías, actividade física, autorregulación emocional, coidado e corresponsabilidade...).</li> <li>- Enfermidades infecciosas e non infecciosas:</li> <li>- Diferenciación en base á súa etioloxía.</li> <li>- Medidas de prevención e tratamento de enfermidades infecciosas.</li> <li>- O uso adecuado dos antibióticos.</li> <li>- Sistema inmunitario: análise dos diferentes tipos de barreiras e mecanismos de defensa que dificultan a entrada de</li> </ul>

## Contidos

- patóxenos ao organismo.
- Relación entre o sistema inmunitario e a prevención e superación fronte ás enfermidades infecciosas.
- Importancia da vacinación na prevención de enfermidades e na mellora da calidade da vida humana.
- Importancia dos transplantes e da doazón de órganos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

As propostas pedagóxicas elaboraranse tendo en conta a atención á Na proposta metodolóxica un aspecto fundamental e considerar a atención á diversidade para que todo o alumnado teña acceso a unha educación común. Ademais os métodos terán en conta na medida do posible os distintos ritmos de aprendizaxe, favorecendo o que é o aprendizaxe persoal e o traballo e aprendizaxe en equipo.

Na atención á diversidade se analizarán as necesidades especiais de cada alumno aplicando reforzo educativo ou incluso facendo adaptación curricular no caso que así se considerase necesario.

Será unha metodoloxía activa e participativa, favorecendo o traballo individual e cooperativo do alumno, así como o traballo por proxectos.

Ademais traballárase conxuntamente os valores transversais co resto do profesorado para darlle ao proceso de ensino un enfoque multidisciplinar, de xeito que o proceso de aprendizaxe sea máis integrado. Tentárase de traballar en proxectos con outros departamentos potenciando a transversalidade do aprendizaxe. Tamén se potenciará o uso das TICs na aula.

#### \* PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

No proceso de ensinanza e aprendizaxe han de asegurar distintos tipos de aprendizaxe:

1º: Aprendizaxe significativa. Partindo dos coñecementos previos, os alumnos e alumnas han de de ser capaces de aprender a aprender, para poder establecer relacións entre a materia e a súa propia realidade.

2º: Aprendizaxe funcional. Os novos contidos deberán ser empregados polos alumnos/as cando así estes o precisen. Para iso débese facer unha memorización comprensiva e razoada.

3º: Aprendizaxe cooperativa. Traballar a materia en grupo, no laboratorio, no desenvolvemento de proxectos de investigación ou mediante debates, aumentará o interese pola mesma.

4º: Aprendizaxe mediante o emprego das TICs. Coa utilización de Internet, de vídeos divulgativos e do encerado dixital, que será utilizado como apoio constante ás explicacións

O traballo en proxectos de investigación vanos permitir por en práctica toda a metodoloxía e traballar ao mesmo tempo varias competencias, favorecendo a adquisición de coñecementos, o traballo en equipo, o espírito emprendedor, a argumentación en público...

Ademais dado que a ciencia cada vez máis se escribe e transmite en inglés, e moitos termos de orixe inglés estánse incorporando á fala cotidiana na nosa nación, procurárase ter en conta este aspecto para darlle sentido a moitas das palabras que se manexan na ciencia no noso idioma e que teñen unha orixe angloxasona.

Necesitamos adestrar de xeito sistemático os procedementos que conforman a estrutura da materia. Se ben a finalidade da área é adquirir coñecementos esenciais que se inclúen no currículo básico e as estratexias do método científico, o alumnado deberá desenvolver actitudes que conduzan á reflexión e análise sobre os grandes avances científicos da actualidade, as súas vantaxes e as implicacións éticas que en ocasións se presentan. Para iso necesitamos certo grao de adestramento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos da materia: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a argumentación en público e a comunicación audiovisual.

Nalgúns aspectos da área, sobre todo naqueles que pretenden o uso sistemático de procesos de método científico, o traballo en grupo colaborador achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e enriquecemento

persoal desde a diversidade, unha ferramenta perfecta para discutir e afondar en contidos dese aspecto.

Por outro lado, cada alumno e alumna parte dunhas potencialidades que definen as súas intelixencias predominantes. Enriquecer as tarefas con actividades que se desenvolvan desde a teoría das intelixencias múltiples facilita que todo o alumnado poida chegar a comprender os contidos que pretendemos adquirir para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Bioloxía e Xeoloxía é indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para iso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto, que se podería complementar con proxectos de aplicación dos contidos.

a) O alumno disporá dun libro de texto dixital orientativo ao longo do cal será necesario ir introducindo (ou quitando) determinados contidos e actividades.. Como material de apoio tamén se contará con recursos fotocopiabes que están ademais adaptados ás distintas capacidades do alumnado.

Consideramos importante a memorización comprensiva para que o alumnado vaia adquirindo o vocabulario científico propio da asignatura e expresándose con propiedade.

Tamén se fomentará a capacidade do alumnado na elaboración de sínteses, interpretación de gráficas, mapas, táboas de datos, resolución de problemas-dilemas, etc, para favorecer o traballo das potencialidades propias do alumnado.

b) Dado que primeiro, terceiro e cuarto de ESO son aulas eDixgal faremos un uso continuado dos ordenadores de aula, que tamén poderán levar a casa de ser necesario. Ademais tamén serán útiles para traballar nos proxectos que estemos levando a cabo, a consulta de webs de carácter científico, o traballo nos blogs de aula, e na procura de vídeos e outro material online con material científico, experimentos, etc.

c) A actividade de laboratorio é fundamental nestas asignaturas, polo que tentaremos levar ao alumnado a traballar no laboratorio coa maior frecuencia posible, alomenos a facer unha actividade práctica por unidade no caso de na asignatura de 1º de ESO . Para elo os alumnos deberan ter o seu guión de prácticas na libreta de clase, anotando todo o proceso da mesma (materiais, procedemento, resultados). No caso de 3º de ESO a afluencia será menor debido ao reducido horas lectivas (dúas á semana). En 4º da ESO tentárase ir coa maior frecuencia posible.

En todo caso, o laboratorio é tamén o lugar no cal se levan a cabo toda unha serie de experiencias e proxectos nos lque se están traballando, tales como o Proxecto Cebra, o Proxecto Climántica, o Proxecto Ríos, e todos os proxectos que se desenvolven dentro do Club de Ciencias , polo que como filosofía o laboratorio sempre estará aberto a calquera grupo de alumnos que esté a desenvolver un traballo, ou como complemento a calquera outra actividade xa sea desenvolvida polo departamento como polo centro (Semana dos Cogumelos, Día da Árbore, Día do Medio Ambiente,...)

d) O traballo de campo é fundamental na asignatura de bioloxía e xeoloxía, xa que axuda a traballar varios aspectos da metodoloxía científica como é a observación, recollida de datos, elaboración de hipóteses...) . Por elo tratárase de traballar en todos os recursos que teñamos nas proximidades do centro: as árbores do instituto, o composteiro do centro, o río Rois, os paxaros, anfibios, réptiles, clima,...

Ademais farase algunha saída ao longo do ano relacionado coa materia: Intermareal, visita a algún museo, itinerarios ambientais, saída para observación de aves,...

e) O traballo en proxectos requirirá a ordenación do alumnado en grupos para fomentar o traballo colaborativo, e permitirá obter obxectivos como a capacidade de desenvolver unha investigación sinxela seguindo o método científico, elaboración e comprobación de hipóteses, elaborar un artigo científico e expor os resultados facendo uso dunha presentación. Ó estar dotadas as aulas con canón proxector, pizarras dixitais e ordeador de aula, esta actividade vese moi facilitada.

f) Traballarase tamén en internet con simulacións virtuais nas que o alumnado teña que tomar parte en dilemas ou adoptar decisións en aspectos relacionados co medio ambiente.

g) Ademais de traballar con webs de ciencias, faremos un seguimento semanal a través da prensa escrita das principais noticias de actualidade científica.De ser aconsellable poderase recomendar a lectura dalgún libro relacionado coa materia.

h) Asimesmo en todos os traballos que se levan a cabo se fomentará, e se é o caso se exisirá, a realización de fotografías , vídeos, rexistros sonoros, escáneado, ou calquera outro modo de rexistrar información que implique o

uso de dispositivos que calquera alumna poda ter á súa disposición.

i) Utilizárase cando sea necesario todos os recursos relacionados coas TIC (ordeadores, programas, periféricos, etc)

f) No comezo de cada tema faremos unha avaliación dos precoñecementos que teñen os alumnos domesmo. Esta avaliación poderá ser ben a través dun pequeno test, elaboración de mapas conceptuais, torbellinos de ideas, ou calqueira outro método que nos permita tomar o pulso á clase sobre os coñecementos previos de que dispoñen.

g) O igual que o curso anterior este ano seguiremos traballando nos proxectos do contrato programa sobre o Peixe Ceбра, e no Proxecto Ríos e no club de Ciencia que foi prorrogado ao noso centro pola consellería de educación..

#### \* TIPOS DE ACTIVIDADES E PROXECTOS

A metodoloxía didáctica adaptarase ás características de cada alumno/a, favorecendo a súa capacidade para aprender por si mesmo/a e para traballar en equipo, iniciándoo no coñecemento da realidade de acordo cos principios básicos do método científico. Ademais terase en conta:

- Incorporación da dimensión práctica ás áreas.
- Fomentar o traballo en equipo.
- Fomentar a capacidade de autonomía do alumnado e desenvolver a capacidade de aprender a aprender.

#### \* DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES

O fío condutor que se seguirá á hora de desenvolver as distintas unidades didácticas será o seguinte:

- a) Introducción á unidade didáctica.
- b) Análise dos coñecementos previos dos alumnado.
- c) Exposición de contidos e desenvolvemento da unidade.
- d) Resumo e síntese dos contidos da unidade.

#### \* TIPOS DE AGRUPAMENTOS

As diversas formas de agrupamento que se utilizarán, divídense en tres tipos:

- Gran grupo.
- Equipos de traballo cooperativo.
- Traballo individual.

#### \* CONTRIBUCIÓN A PLANS E PROXECTOS

Preténdese realizar unha adecuada contribución ao Plan Lector do Centro, coa proposta de lectura voluntaria de distintos libros relacionados coa materia, así como coa lecturas de artigos xornalísticos e textos do libro do alumno/a.

Así mesmo, contribuírase ao Plan TICs coa proxección de vídeos, traballos na aula de informática, clases expositivas empregando presentacións dixitais, avaliacións interactivas e kahoots.

A materia tamén deberá contribuír a outros plans incluídos no Proxecto Educativo do centro como o Plan de Actividades do Departamento de Orientación, o Plan de Acción Titorial, o Plan de Atención á Diversidade ou o Proxecto Lingüístico de Centro, tendo presente en todo momento a Programación Xeral Anual que se redactou a inicio de curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Bioloxía e Xeoloxía, Edit . Netex
Fichas de actividades de consolidación: As contidas en medios dixitais incluído o libro, ou de elaboración propia.

Fichas de actividades de reforzo.:As contidas en medios dixitais incluído o libro, ou de elaboración propia.
Fichas de actividades de ampliaciónAs contidas en medios dixitais incluído o libro, ou de elaboración propia.
Caderno do alumno/a: Nel figurarán apuntes, actividades de clase, e actividades de laboratorio e campo
Portfolio: No cal gardarán todo o material que vaian elaborando
Dotación da aula :encerado dixital, tradicional, pupitres, canon proxector, ordenador.
Laboratorio (instrumentación e materiais propios): Debido ao reducido número de horas de clase (2h) e a casuística do que supón perder unha hora debido a diversos factores, intentarase ir ao laboratorio nunhas 5 veces no curso.

O espazo habitual no que se desenvolverán as clases consiste nunha aula convenientemente equipada cun encerado dixital e outro tradicional, dispoñendo o alumnado de pupitres individuais, o que facilitará os necesarios cambios na súa distribución para o traballo en parellas ou grupal.

O espazo empregado para as clases prácticas será o laboratorio de ciencias, dotado do instrumental e materiais presentes de xeito habitual nun laboratorio escolar.

No que se refire ás ferramentas que centrarán o traballo do alumnado na aula, as principais serán o libro de texto recomendado polo Departamento de Bioloxía e Xeoloxía do centro e o caderno, recurso indispensable que será solicitado periodicamente para a súa avaliación.

No portfolio o alumnado gardará e clasificará trimestralmente non só todos aqueles documentos impresos que lle sexan entregados ao longo do curso, senón tamén os xerados por eles mesmos. Entre os recursos impresos mencionados destacan as fichas de comprensión lectora, os guións de prácticas, as fichas de actividades de consolidación e as actividades de reforzo e de ampliación específicas para cada alumno.

a) O alumno disporá dun libro de texto dixital orientativo ao longo do cal será necesario ir introducindo (ou quitando) determinados contidos e actividades.. Como material de apoio tamén se contará con recursos fotocopiabes que están ademais adaptados ás distintas capacidades do alumnado.

Consideramos importante a memorización comprensiva para que o alumnado vaia adquirindo o vocabulario científico propio da asignatura e expresándose con propiedade.

Tamén se fomentará a capacidade do alumnado na elaboración de sínteses, interpretación de gráficas, mapas, táboas de datos, resolución de problemas-dilemas, etc, para favorecer o traballo das potencialidades propias do alumnado.

b) Dado que primeiro, terceiro e cuarto de ESO son aulas eDixgal faremos un uso continuado dos ordenadores de aula, que tamén poderán levar a casa de ser necesario. Ademais tamén serán útiles para traballar nos proxectos que estemos levando a cabo, a consulta de webs de carácter científico, o traballo nos blogs de aula, e na procura de vídeos e outro material online con material científico, experimentos, etc.

c) A actividade de laboratorio é fundamental nestas asignaturas, polo que tentaremos levar ao alumnado a traballar no laboratorio coa maior frecuencia posible, alomenos a facer unha actividade práctica por unidade no caso de na asignatura de 1º de ESO . .Para elo os alumnos deberan ter o seu guión de prácticas na libreta de clase, anotando todo o proceso da mesma (materiais, procedemento, resultados). No caso de 3º de ESO a afluencia será menor debido ao reducido horas lectivas (dúas á semana). En 4º da ESO tentarase ir coa maior frecuencia posible.

En todo caso, o laboratorio é tamén o lugar no cal se levan a cabo toda unha serie de experiencias e proxectos nos lque se están trabllando, tales como o Proxecto Cebra, o Proxecto Climántica, o Proxecto Ríos, e todos os proxectos que se desenvolven dentro do Club de Ciencias , polo que como filosofía o laboratorio sempre estará aberto a calquera grupo de alumnos que esté a desenvolver un traballo, ou como complemento a calquera outra actividade xa sea desenvolvida polo departamento como polo centro (Semana dos Cogumelos, Día da Árbore, Día do Medio Ambiente,...)

d) O traballo de campo é fundamental na asignatura de bioloxía e xeoloxía, xa que axuda a traballar varios aspectos da metodoloxía científica como é a observación, recollida de datos, elaboración de hipóteses...) . Por elo tratárase de traballar en todos os recursos que teñamos nas proximidades do centro: as árbores do instituto, o composteiro do centro, o río Rois, os paxaros, anfibios, réptiles, clima,...



Ademáis farase algunha saída ao longo do ano relacionado coa materia: Intermareal, visita a algún museo, itinerarios ambientais, saída para observación de aves,...

e) O traballo en proxectos requirirá a ordenación do alumnado en grupos para fomentar o traballo colaborativo, e permitirá obter obxectivos como a capacidade de desenvolver unha investigación sinxela seguindo o método científico, elaboración e comprobación de hipóteses, elaborar un artigo científico e expor os resultados facendo uso dunha presentación. Ó estar dotadas as aulas con canón proxector, pizarras dixitais e ordeador de aula, esta actividade vese moi facilitada.

f) Traballarase tamén en internet con simulacións virtuais nas que o alumnado teña que tomar parte en dilemas ou adoptar decisións en aspectos relacionados co medio ambiente.

g) Ademáis de traballar con webs de ciencias, faremos un seguimento semanal a través da prensa escrita das principais noticias de actualidade científica. De ser aconsellable poderase recomendar a lectura dalgún libro relacionado coa materia.

h) Asimesmo en todos os traballos que se levan a cabo se fomentará, e se é o caso se exisirá, a realización de fotografías, vídeos, rexistros sonoros, escáneado, ou calquera outro modo de rexistrar información que implique o uso de dispositivos que calquera alumna poda ter á súa disposición.

i) Utilizárase cando sea necesario todos os recursos relacionados coas TIC (ordeadores, programas, periféricos, etc)

f) No comezo de cada tema faremos unha avaliación dos precoñecementos que teñen os alumnos domesmo. Esta avaliación poderá ser ben a través dun pequeno test, elaboración de mapas conceptuais, torbellinos de ideas, ou calqueira outro método que nos permita tomar o pulso á clase sobre os coñecementos previos de que dispoñen.

g) O igual que o curso anterior este ano seguiremos traballando nos proxectos do contrato programa sobre o Peixe Cebra, e no Proxecto Ríos e no club de Ciencia que foi prorrogado ao noso centro pola consellería de educación..

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións, realizarase unha proba inicial baseada en competencias e contidos básicos. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como o seu coñecemento das destrezas da materia así como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como as actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias.

Os resultados de dita proba daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

No presente curso o resultado da avaliación inicial non difire dos resultados que xa obtivera con este alumnado cando lles impartín clases en primeiro de ESO.

En xeral é un curso bo, no que hai unha persoa repetidora e dous con reforzo.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>15</b>	<b>13</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	100	90	100	100	90	80	100	<b>80</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	0	10	0	0	10	20	0	<b>20</b>

### **Criterios de cualificación:**

Ao final de cada unidade didáctica realizarase unha proba escrita cos contidos específicos asociados aos criterios de avaliación. En cada unha das tres avaliacións, realizarase unha media aritmética das notas das probas escritas. Esta media, representará o 75% da nota da avaliación.

O outro 25%, vén definido polos criterios de avaliación pertencentes ao Bloque 1 que se recollen nas táboas de indicadores. Estes criterios de avaliación, estarán asociados a distintas rúbricas e listas de cotexo que se analizarán en distintos procedementos de avaliación ao longo de todas as unidades.

Os instrumentos con que contaremos no departamento para avaliar aos nosos alumnos serán os seguintes:

- Exames das avaliacións. Para detectar rapidamente a marcha do alumno se farán varios exames por avaliación (mínimo de 2, máximo 3), deste xeito se poderán tomar medidas no caso de que sea necesario unha corrección nos métodos de aprendizaxe, e o mesmo tempo poderase informar as familias para que vaian coñecendo a marcha do seu fillo. Procurárase facer un exame por unidade.

- Comportamento e actitude na clase. Mediante positivos e negativos levarase unha valoración do alumno neste aspecto. Terase en conta que cumpre coas tarefas que se desenvolven nas horas de clase (exercicios, resúmenes de vídeos, traballo no ordeador, etc).

- Asimesmo valoraranse as iniciativas que con respecto á asignatura teñan os alumnos/as

- Comportamento e actitude no laboratorio. Valorárase o traballo colaborativo, os procedementos, as medidas de seguridade.

- Asimesmo valoraranse as destrezas na realización de prácticas de laboratorio.

- Evaluación dos cuadernos, tanto de clase como de laboratorio, como as fichas correspondentes as actividades extraescolares.

- Valoración no grado de participación e motivación nas distintas actividades extraescolares levadas a cabo polo departamento.

- \_ Valoración no seu caso do proxecto levado a cabo, e a capacidade para traballar en grupo.

- \_ O seu grao de participación nas actividades levadas a cabo a nivel de centro relacionadas coa asignatura.

- Traballos individuais

- Fichas de actividades de consolidación

- Fichas de actividades de reforzo

- Fichas de actividades de ampliación

Polo tanto, os pesos para o cálculo da nota final en cada avaliación estarán representados por:

80% probas escritas

20% táboas de indicadores

A nota da avaliación final será calculada como a media aritmética das notas das tres avaliacións parciais, unha vez rematados, de ser o caso, todos os procesos de recuperación ou ampliación.

Na avaliación final evaluaranse as competencias, e as calificacións definitivas non serán numéricas, senon cualitativas: In, Su, Be, Nt, Sb.

### Promoción

Para promocionar se seguiran as pautas que recolle a lexislación, e que son:

- a) Promocionarán os alumnos con todo aprobado
- b) Promocionarán o alumnado con 1 ou 2 materias suspensas de todas nas que estaba matriculado (contando tamén as asignaturas pendentes)
- c) Cando se cumpran todas as seguintes condicións:
  - Que a media aritmética nas materias matriculadasw nese ano sexa igual ou maior que cinco
  - Que o equipo docente considere que as materias suspensas non constitúen un impedimento para ter éxito no curso seguinte.
  - Que o equipo docente considere que ten expectativas de recuperación
  - Que a promoción vai a beneficiar a súa evolución académica.

En todo caso, se algún alumno promociona con asignaturas suspensas no curso seguinte fariase un plan de reforzo específico tendente a facilitar a superación das asignaturas pendentes.

No caso de que un alumno non promocione de curso, poderá estar un ano máis nese curso (2 anos máximo en toda a secundaria), e se elaborará un plan personalizado no que se adaptarán as condicións curriculares para facilitar que ese alumno poda superar o curso. Asimesmo se elaborará un plan de seguimento personalizado.

### **Criterios de recuperación:**

O alumnado que non teña superadas as 3 avaliacións ou que sacara avaliación negativa nalgunha delas se tomarán as seguintes medidas:

- a) Actividades de apoio: Estas actividades tenderán a que este alumnado poda dispor dos elementos necesarios para afrontar a superación da parte da materia que non superara no seu momento.
- b) Reforzo: Os exames e actividades de recuperación facilitarán que o alumnado poda chegar a adquisición dos coñecementos e competencias que aínda non acadara
- c) Recuperación: A recuperación se fará valorando as actividades desenvolvidas durante este periodo, xa sexan exames, exercicios, actividades, traballos, ou calquera outra.

Estas actividades estarán deseñadas para que o alumno poda superar a asignatura.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No caso de que no grupo haxa un alumno/a coa materia de Bioloxía e Xeoloxía de 1ºESO pendente, realizarase un seguimento individualizado do mesmo/a a fin de considerar a necesidade de establecer o preceptivo reforzo educativo dirixido a garantir que no seu caso o proceso de ensino non se vexa afectado por este feito.

Tanto para os alumnos/as que se atopen na situación anterior, como no caso de os alumnos/as que se estén cursando 4º da ESO coa materia de 3º suspensa, tomaranse as medidas acordadas no Departamento de Bioloxía e Xeoloxía, en concordancia coas directrices que marque o programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes, e en concordancia co Departamento de Orientación.

En todo caso se tenderá sempre a facilitar o proceso de superación da asignatura, acotando os contidos e facilitando a aprendizaxe dos conceptos fundamentais mediante fichas. A realización das fichas suporán o 40% da nota de recuperación.

A realización dun exame baseado nas fichas suporá o 60% restante.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de formular as medidas de atención á diversidade debemos solicitar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse o relativa a:

- a) O número de alumnos e alumnas.
  - b) O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
  - c) As capacidades que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
  - d) As necesidades que se puídesen identificar, ben como grupo ou ben a nivel individual
  - e) As competencias que conven traballar máis en profundidade, ebn como grupo ou a nivel individual
  - f) Os criterios a seguir para ordear ao alumnado na aula,
- Esta toma de datos estará orientada sobre todo aos alumnos procedentes de Primaria e que polo tanto se incorporan por primeira vez á ESO.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes; a partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos ou as alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar, etc.). Así, En primeiro lugar teremos en conta as necesidades educativas especiais, para aqueles alumnos que ben teñan algún tipo de discapacidade, sean inmigrantes, ou teñan algún tipo de deficiencia en relación coa súa incorporación tardía ao sistema educativo. Asimesmo atenderáanse a alumnos con TDAH (Trastorno por Deficit de Atención e Hiperactividade) A continuación se atenderán aos alumnos con dificultades non de tipo xeral, senon máis ben concretas nalgunha das competencias. E por último prestaráselles tamén unha atención especial a aqueles alumnos que posúan unhas altas capacidades.

- Cando un alumno presente graves carencias na lingua de escolarización recibirá unha atención específica por parte do persoal competente.

- Saber as medidas organizativas que hai que adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos de grupo para favorecer a intervención individual).

- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares que hai que adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.

- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.

- Acoutar o intervalo de tempo e o modo no que se van avaliar os progresos destes estudantes.

- Fixar o modo no que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.

Para os alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo serán deseñadas de xeito específico actividades en cada unha das unidades didácticas (enunciados curtos, unir, completar, ordenar, sinalar...), así como probas escritas adaptadas ás súas características específicas. Estas probas, se ben presentarán os mesmos contidos en concordancia cos criterios de avaliación, estarán formuladas de xeito máis directo e compostas por cuestións análogas ás anteriormente comentadas. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian máis aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

#### Orientación educativa

A Orientación Educativa busca facilitar o encontro entre as capacidades propias do alumnos e as súas posibilidades reais. Nesta orientación están implicados sobre todo a acción titorial desenvolvida na aula, a acción realizada polo Departamento de Orientación, e tamén no seu caso por equipos de apoio externos ao centro.

Asimesmo establecerase unha comunicación fluída coas familias, tanto co fin de intercambiar información como para orientarlles e promover a súa colaboración.

A actividade de orientación educativa irá tendente a facilitar a integración dos alumnos no grupo, potenciar o seu esforzo individual e traballo en equipo,, favorecer o proceso de madurez persoal, proporcionar unha orientación conforme as aptitudes, intereses e necesidades do alumno, efectuar un seguemento do aprendizaxe, e promover o desenvolvemento das habilidades sociais. e a integración na comunidade escolar e na sociedade.

#### Presente curso

No presente curso só temos que facer unha Adptación Curricular para un alumno cun síndrome específico. Tamén hai dous alumnos aos que probablemente se lles aplique reforzo, dependendo da marcha do curso.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación no Proxecto Ríos	Inspección do Río Rois	X		
Participación en Climántica	Participación no Congreso Virtual do Proxecto Climántica e de ter algún alumno seleccionado asistencia ao Campamento Xuvenil Internacional a celebrar en Aveiro.			X
Participación no Club de Ciencia	Actividades no Club de Ciencia	X	X	X

#### Observacións:

As actividades complementarias a realizar dependen de moitos factores, tales como:

- Tempo dispoñible
- Transcurso do curso e da programación.
- Motivación do alumnado
- Dispoñibilidade de medios
- Relación con outras actividades do instituto.

En xeral temos programadas as seguintes actividades extraescolares, das cales unicamente se levaran a cabo as que sean pertinentes, condicionadas polo desenvolvemento do curso. Debemos de ter en conta que sempre se poñen actividades a maiores para evitar, no caso de que se teña que suspender algunha, depender dunha nova convocatoria do consello escolar.

- Participación no Proxecto Rios (1º e 3º trimestre)
- Participación no día mundial do medio ambiente.
- Participación no Proxecto Climantica a través do Congreso Virtual que se organiza anualmente.
- Saídas polos arredores do centro para observar aves, árbores e prantas, hábitats, ecosistemas.
- Participación no Club de ciencia.
- Participación no Plan Proxecta
- Charlas de sexualidade e violencia de xénero
- Charlas de prevención de drogodependencias.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliación
Metodoloxía empregada
Participación activa de todo o alumnado
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Medidas de atención á diversidade
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE na elaboración de probas escritas
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Clima de traballo na aula
Combinación do traballo individual co traballo cooperativo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado

### **Descrición:**

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavaliación será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

## **9. Outros apartados**